

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

RESOLUCIÓN do 10 de agosto de 2021, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se fan públicos o lugar, a data e a hora de realización dos exercicios da fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área, convocado pola Resolución do 13 de decembro de 2019.

A base 8.1.4 da Resolución deste centro directivo do 13 de decembro de 2019 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 246, do 27 de decembro), pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área, modificada pola Resolución do 21 de decembro de 2020 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 256, do 22 de decembro), establece que os exercicios da fase de oposición se realizen no lugar e data que se fixen nunha resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* cun prazo mínimo de antelación de cinco días hábiles.

De conformidade coa antedita base, este centro directivo, como órgano convocante do proceso,

RESOLVE:

Primeiro. Convocar as persoas aspirantes admitidas con carácter definitivo no concurso-oposición para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área do Servizo Galego de Saúde, convocado pola Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 13 de decembro de 2019, para a realización dos exercicios que integran a fase de oposición, na data e hora que para cada especialidade se indican no anexo desta resolución.

Os exames realizaranse no Recinto da Feira Internacional de Galicia, avenida Recinto Feiral, s/n, Silleda (Pontevedra).

Segundo. Publicar na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es), sección de emprego público, as distintas portas de acceso ao recinto de realización das probas, así como os/as aspirantes asignados/as a cada unha delas.



Así mesmo, por razóns organizativas derivadas do contexto sanitario actual, cada aspirante terá asignado un número de posto de exame (mesa), que deberá ocupar para a realización das probas, e que se anticipará para efectos informativos na mesma páxina web.

Terceiro. Os/as aspirantes convocados/as que non comparezan na data e hora fixadas nesta resolución serán excluídos/as do concurso-oposición. Non serán tidas en conta causas de forza maior ou calquera outra causa para emendar a non comparecencia.

Cuarto. As persoas aspirantes deberán acudir provistas do documento nacional de identidade ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade e de bolígrafo azul ou negro, de tinta indeleble.

A acreditación para o acceso ao lugar de realización das probas realizarase a través de código QR. Cada aspirante terá á súa disposición na Oficina Virtual do Profesional (FIDES/ expediente-e), desde a data de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, a acreditación persoal con código QR, que deberá imprimir e presentar o día do exame ao persoal colaborador da porta que lle foi asignada, e que lle permitirá o acceso ao interior do lugar de realización das probas.

O código QR conterá información do lugar, data e hora de realización dos exercicios, así como do posto de exame que vai ocupar o/a aspirante.

Co obxecto de axilizar a entrada ao recinto, a persoa aspirante debe ter á man ambos os documentos: código QR e documento de identidade.

Non se permitirá o acceso ao interior do recinto de realización das probas aos/ás aspirantes que non presenten o código QR impreso.

Quinto. En cumprimento do Protocolo de medidas de seguridade e organizativas no desenvolvemento dos procesos selectivos do Servizo Galego de Saúde fronte á pandemia da COVID-19, aprobado pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade, á disposición das persoas interesadas para a súa consulta na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es), os/as aspirantes deberán respectar as seguintes indicacións:

1ª. Será obrigatorio o uso de máscara durante a realización das probas, agás causa médica xustificada, que deberá ser acreditada con informe facultativo e posta en coñecemento



do órgano convocante, con antelación á data do exame, a través do seguinte enderezo de correo electrónico: oposicions@sergas.es

Só se permitirá o acceso ao interior do lugar de realización dos exercicios con máscara cirúrxica ou FFP2 sen válvula. Por razóns sanitarias, non estará permitido o acceso con máscara hixiénica ou FFP2 con válvula.

2ª. Para os efectos de asegurar os tempos máximos de utilización das máscaras fixados polas autoridades sanitarias, os/as aspirantes, no momento que indique a organización, antes do inicio das probas, deberán substituír a máscara que porten por unha máscara de novo uso, que será facilitada pola Administración.

3ª. Non poderán acceder ao exame aquelas persoas con síntomas compatibles coa COVID-19 e aquelas ás cales se lles diagnosticase a enfermidade e non finalizasen o período de illamento.

4ª. As persoas aspirantes deberán respectar en todo momento as distancias mínimas de seguridade, no interior e exterior do pavillón de realización das probas. Para tales efectos, deberán seguir as indicacións que facilite o persoal da organización e situarse nos espazos individuais de espera sinalizados con tal fin.

5ª. O/a aspirante deberá asistir á realización das probas co material mínimo indispensable. Este material irá nun só bolso ou mochila, de tamaño pequeno, que cada aspirante levará sempre consigo e que, durante a realización do exame, deberá situar no chan.

6ª. Non estará permitido o acceso do/da aspirante ao interior do recinto con ningún alimento, agás causa médica xustificada.

7ª. Coa finalidade de diminuír o intercambio de documentación, todos/as os/as aspirantes presentados/as ás probas selectivas terán á súa disposición na Oficina Virtual do Profesional (Fides/expedient-e) o certificado de asistencia ao exame, a partir do día seguinte ao de realización dos exercicios. Non se facilitará ningún certificado no lugar de realización das probas.

Sexto. De conformidade co establecido na base 8.1.4 da resolución de convocatoria, realizaranse na mesma data os distintos exercicios que integran a fase de oposición, en unidade de acto e de tempo, cambiando a súa orde de realización, de ser o caso.



No marco das previsións do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade e da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, o Servizo Galego de Saúde permitiralles ás mulleres embarazadas ou que teñan dado a luz, e por estes motivos estean ingresadas no mesmo día do exame, realizar os distintos exercicios da fase de oposición, derivados deste proceso selectivo. Por iso, coa única limitación de respectar, en todo caso, a unidade de acto e de tempo de execución fixados nos chamamentos para a realización dos exames, como garantía de igualdade e de imparcialidade para todos/as os/as aspirantes, o Servizo Galego de Saúde desprazará a un centro hospitalario radicado na Comunidade Autónoma de Galicia unha delegación do tribunal que permita a execución material da proba a aquelas opositoras xestantes que tivesen posto en coñecemento do órgano convocante, cunha antelación mínima de 72 horas á data de realización do exame, a situación de embarazo e a súa vontade de realizar a proba no centro sanitario para o suposto de estar ingresadas na data da súa realización e se tivese recibido na Dirección Xeral de Recursos Humanos comunicación e xustificación do seu ingreso en centro hospitalario por tal motivo con anterioridade á realización dos exercicios.

Por razóns temporais e organizativas, unicamente serán atendidas as solicitudes de desprazamento a centro sanitario pola causa exposta que consten debidamente xustificadas na Dirección Xeral de Recursos Humanos cunha antelación mínima de cinco horas á publicada no *Diario Oficial de Galicia* como hora de inicio das probas.

Para estes efectos, só se admitirá como medio válido de comunicación o seguinte enderezo de correo electrónico: oposicions@sergas.es

Sétimo. Durante o tempo fixado para a realización dos exercicios, non se poderá utilizar nin manipular de ningunha maneira aparellos de telefonía móbil, reloxos ou soportes con memoria. Está prohibido o acceso ao recinto de realización das probas con tales dispositivos e non se habilitará no recinto ningún servizo para a súa recollida.

Oitavo. Esta resolución poderá ser impugnada polas persoas interesadas nos termos previstos na base 11.2 da resolución de convocatoria.

Santiago de Compostela, 10 de agosto de 2021

Ana María Comesaña Álvarez
Directora xeral de Recursos Humanos

CVE-DOG: vxnef2q7-cq19-79i0-iq4-lhyy5scs8qs2



ANEXO

Especialidade	Data	Hora
Alerxoloxía	Sábado, 18 de setembro de 2021	9.30
Anatomía patolóxica		
Anxioloxía e cirurxía vascular		
Cirurxía cardiovascular		
Dermatoloxía médico-cirúrxica e venereoloxía		
Endocrinoloxía e nutrición		
Hematoloxía e hemoterapia		
Medicina do traballo		
Medicina física e rehabilitación		
Medicina nuclear		
Neurocirurxía		
Neurofisioloxía clínica		
Oncoloxía médica		
Otorrinolaringoloxía		
Reumatoloxía		
Uroloxía	Domingo, 19 de setembro de 2021	9.30
Xeriatria		
Obstetricia e xinecoloxía	Sábado, 25 de setembro de 2021	9.30
Psicoloxía clínica		
Anestesioloxía e reanimación		
Aparello dixestivo		
Cardioloxía		
Cirurxía ortopédica e traumatoloxía		
Farmacía hospitalaria		
Medicina preventiva e saúde pública		
Nefroloxía		
Neuroloxía		
Psiquiatría		



Especialidade	Data	Hora
Cirurgía torácica	Domingo, 26 de setembro de 2021	9.30
Microbioloxía e parasitoloxía		
Pediatría e as súas áreas específicas		
Radiofísica hospitalaria		
Medicina interna	Sábado, 2 de outubro de 2021	9.30
Análises clínicas	Domingo, 3 de outubro de 2021	9.30
Cirurgía xeral e do aparello dixestivo		
Medicina intensiva		
Oftalmoloxía		
Pneumoloxía		
Radiodiagnóstico		

